



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda, s/n, Mesía CIF: P-1504800-B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS INFORMÁTICOS PARA O ALUMNADO DO CURSO 2025-2026

1.- OBXECTO E FINALIDADE

O Concello de Mesía apoiará, mediante a concesión de axudas, a adquisición de equipos informáticos, ao alumnado que resida no concello e que estude educación primaria, secundaria, bacharelato, ciclos de formación profesional ou universitarios en centros públicos ou concertados no curso 2025-2026.

A finalidade destas axudas é incrementar o número de fogares con recursos tecnolóxicos axeitados ante a necesidade, cada vez maior tras a crise da Covid-19, de poder levar a cabo nos casos necesarios unha educación semipresencial ou a distancia, corrixindo o acceso desigual ás novas tecnoloxías, os riscos de exclusión e, en definitiva, favorecendo e garantindo a igualdade na integración dos nenos e das nenas no sistema educativo.

2.- CUSTES SUBVENCIONABLES

2.1. O Concello de Mesía subvenciona a adquisición dos seguintes equipamentos informáticos de primeira man:

- a) Ordenador portátil
- b) Ordenador de mesa e pantalla
- c) Impresora.

Os equipamentos a) e b) son incompatibles entre sí.

2.2. Non serán subvencionables a adquisición de teléfonos, smartphones e tablets. Non serán subvencionables os xuros no caso de compras a prazos nin o IVE cando é recuperable ou compensable.

2.3. Subvencionaranse equipos informáticos adquiridos entre o 1 de xaneiro de 2025 e ata a data de finalización do prazo para a solicitude desta convocatoria.

3.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

As axudas reguladas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 231.48000, cun importe máximo de 6.000,00 €, conforme ao disposto na Base núm. 18 das de execución do orzamento municipal para o ano 2025, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4.-BENEFICIARIOS

Poderanse beneficiar destas axudas o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que o/a alumno/a para quen se solicita a axuda non supere os 25 anos de idade e sempre que estea estudando e non obteña ingresos.
- b) Que o/a alumno/a para quen se solicita a axuda estea empadroado/a no Concello de Mesía cun ano de antigüidade.
- c) Que un dos pais ou titor legal, que exerza a representación do/a alumno/a, estea empadroado/a no mesmo domicilio que o/a alumno/a para o/a que solicita a axuda. No caso de que



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda, s/n, Mesía CIF: P-1504800-B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

o/a solicitante sexa maior de idade, unicamente será necesario que estea empadroado/a o/a solicitante.

c) Que o/a alumno/a para quen se solicita a axuda curse estudos en educación primaria, secundaria, bacharelato, ciclos de formación profesional ou universitarios en centros públicos ou concertados no curso 2025-2026.

d) Que a unidade familiar do/a alumno/a estea ao día no pago das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

e) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita mensual igual ou inferior a 1,2 veces o IPREM. Considerarase, a estes efectos, unidade familiar ao núcleo formado polo matrimonio ou parella de feito, así como os ascendentes e descendentes menores de 18 anos que convivan con eles no mesmo domicilio e aos maiores de idade que non superen os 25 anos sempre que estean estudando e non obteñan ingresos (incluíranse os estudos realizados en centros educativos públicos ou concertados sempre que teñan unha duración lectiva dun curso académico).

5.- PUBLICIDADE E PRAZO

5.1. A publicación destas bases realizarase na páxina web do Concello de Mesía, no taboleiro de anuncios municipal e no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña a través da BDNS.

5.2. As presentes bases, xunto co modelo de solicitude normalizado para a obtención desta axuda e demais documentos anexos, estarán dispoñibles na web municipal do concello.

5.3. O prazo para presentar as solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria específica destas axudas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e ata o 31 de outubro de 2025.

6. SOLICITUDES

6.1. As solicitudes deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mesía ou dalgunha outra forma establecida no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

6.2. As persoas que desexen obter á axuda para a adquisición de equipamento informático deberán presentar a solicitude segundo o anexo I. Xunto coa solicitude, deberán presentar a seguinte documentación:

- DNI do/a alumno/a para o que se solicita a subvención e do/a pai/nai/titor legal que exerza de representante legal.
- Libro de familia completo.
- Certificado de convivencia no Concello de Mesía no que debe aparecer o/a alumno/a para o que se solicita a subvención e o/a seu/súa representante legal.
- Declaración de renda da unidade familiar do exercicio 2024 ou, no seu defecto, certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria en relación á non obriga de presentación da mesma de cada un dos membros da unidade familiar. Neste último caso, ademais do certificado negativo, deberá presentarse un certificado de empresa sobre os ingresos brutos anuais da unidade familiar, así como xustificante da pensión, no seu caso.
- Certificado, expedido polo centro, acreditativo de que a/o solicitante cursa alí estudos e cales realiza.
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o Anexo II.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda, s/n, Mesía CIF: P-1504800-B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

- Declaración xurada dos membros da unidade familiar que conviven no mesmo domicilio, segundo o Anexo III.
- Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas para o mesmo fin, segundo o Anexo IV.
- Certificado bancario do número de conta, do beneficiario ou do representante legal, onde se vaia a realizar o ingreso da axuda.
- Facturas orixinais que acrediten o gasto realizado e que deben estar datadas a partir do 1 de xaneiro de 2025. As facturas deben conter os seguintes requisitos:
 - Nome, razón social e NIF/CIF de quen emite a factura.
 - Desagregación do IVE ou imposto correspondente.
 - Nome e DNI do/a beneficiario/a da axuda ou solicitante.
 - Descrición detallada do material informático adquirido.
 - Número de factura, data e lugar de emisión e denominación de “factura” (non serán válidos os tickets de compra)
 - Deberase acreditar o pago da factura ou ben constar na mesma a expresión “PAGADO”.

7.- CONTÍA DAS AXUDAS

7.1. O importe das axudas virá determinado segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar. Enténdese por renda per cápita familiar mensual, a renda familiar dividida entre o número de membros da unidade familiar computables e entre doce meses.

7.2. A renda familiar obtense da suma das rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza.

7.3. Para o cálculo da renda per cápita familiar terase en conta os datos económicos do ano 2024 e o importe do IPREM mensual (indicador público de renda de efectos múltiples) do ano 2024 que é de 600,00 euros mensuais.

7.4. A contía das axudas será a seguinte:

	Inferiores ao 100% IPREM	Entre o 100% e o 120% IPREM
Equipamento informático: ordenador de mesa, portátil e/ou impresora	75% do importe da factura ata un máximo de 300 €	75 % do importe da factura ata un máximo de 200 €

7.5. No caso de que o importe das axudas concedidas sexa superior ao crédito dispoñible, ratearase este entre todas as solicitudes, de xeito que as axudas concedidas sufrirán unha diminución proporcional da cantidade concedida.

8.- TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN

A instrución do procedemento de concesión das axudas corresponde ao persoal do Departamento de Servizos Sociais que, realizará de oficio, cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución provisional.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda, s/n, Mesía CIF: P-1504800-B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

O órgano instructor emitirá un informe proposta coa listaxe provisional, que se publicará na páxina web municipal, abrindo un prazo para presentar as alegacións e/ou subsanacións que se estimen oportunas.

Á vista das alegacións presentadas, de ser o caso, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva. De non presentarse alegacións, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

O órgano municipal competente ditará resolución definitiva, sendo vinculante a tal efecto a proposta de resolución emitida polo persoal do Departamento de Servizos Sociais.

A resolución definitiva conterá a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención así como as contías e/ou a desestimación, de ser o caso, indicando o motivo.

A resolución definitiva será publicada no taboleiro de anuncios do Concello de Mesía e na páxina web municipal www.concellodemesia.gal.

As ditas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen nos artigos 59 e 60 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

9.- XUSTIFICIÓN E PAGAMENTO

Dada a especificidade desta convocatoria, enténdese que a xustificación se cumpre coa presentación da documentación prevista na base sexta.

O aboamento da subvención realizarase mediante ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada polo/a beneficiario/a antes do fin do exercicio económico 2025.

O órgano concedente poderá realizar os controis administrativos e inspeccións que considere oportunos a fin de comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda.

10. REINTEGRO DA AXUDA

As persoas beneficiarias procederán ao reintegro, total ou parcial, da axuda recibida xunto cos intereses de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

11. ANEXOS



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

Xanceda, s/n, Mesía CIF: P-1504800-B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

”ANEXO I

SOLICITUDE AXUDA PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO CURSO 2025-2026 DO CONCELLO DE MESÍA

DATOS DO/A ALUMNO/A

Nome e apelidos:
DNI:
Enderezo:
Teléfono:
Centro onde cursa estudos:

DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

Nome do/a representante legal:
DNI do/a representante:
Enderezo:
Teléfono:

TIPO DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO PARA O QUE SOLICITA A AXUDA (pode solicitar as axudas que precise. Os equipamentos 1 e 2 son incompatibles entre si)

1. Ordenador de mesa e pantalla
2. Ordenador portátil
3. Impresora

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- DNI do/a alumno/a e do/a representante legal.
- Libro de familia.
- Certificado de convivencia no Concello de Mesía do/a alumno/a co/a representante legal.
- Declaración de renda da unidade familiar do exercicio 2024. En defecto do anterior, certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria para cada un dos membros da unidade familiar que non teñan obriga de presentación.
- Certificado de empresa sobre os ingresos brutos anuais da unidade familiar (só no caso de non estar obrigados a presentar declaración de renda).
- Certificado, expedido polo centro, acreditativo de que a/o solicitante cursa alí estudos e cales realiza.
- Declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, anexo II.
- Declaración xurada dos membros da unidade familiar que conviven no mesmo domicilio, anexo III.
- Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas para o mesmo fin, segundo o Anexo IV.
- Certificado da conta bancaria, do beneficiario ou representante legal, para o ingreso da axuda.
- Facturas orixinais que acrediten o gasto realizado e que deben estar datadas a partir do 1 de xaneiro de 2025 e xustificante do seu pagamento.

Mesía, ____ de _____ de 2025

Asdo.:



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

Xanceda, s/n, Mesía CIF: P-1504800-B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA.”

”ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE. AXUDAS O PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO DO CONCELLO DE MESÍA. EXERCICIO 2025

D./D.^a _____, con DNI _____,
como pai, nai ou titor legal do alumno _____,
beneficiario da subvención,

DECLARO, baixo a miña responsabilidade estar ao corrente das miñas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Mesía, ____ de _____ de 2025

Sinatura do declarante:

Asdo.:”

”ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA MEMBROS UNIDADE FAMILIAR. AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO DO CONCELLO DE MESÍA. EXERCICIO 2025

D./D.^a _____, con DNI _____,
como pai, nai ou titor legal do alumno _____

DECLARO, baixo a miña responsabilidade que no domicilio do beneficiario da subvención, sito no lugar de _____, parroquia de _____, conviven real e efectivamente as seguintes persoas:

	NOME E APELIDOS	DNI	DATA NACEMENTO	PARENTESCO
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				

Mesía, ____ de _____ de 2025



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

Xanceda, s/n, Mesía CIF: P-1504800-B Telf. 981 687 001 – Fax 981 687 069

Sinatura do declarante. Asdo.:”

“ANEXO IV

DECLARACIÓN XURADA SOLICITUDE E/OU CONCESIÓN DOUTRAS AXUDAS PARA O MESMO FIN. EXERCICIO 2025

D./D.^a _____, con DNI _____,
como pai, nai ou titor legal do alumno _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

☐ Non solicitei nin percibín ningunha axuda doutra institución pública ou privada para o financiamento da actividade para o que se solicita esta subvención.

☐ Solicitei/obtiven as seguintes axudas das institucións públicas ou privadas para o financiamento da actividade para o que se solicita esta subvención:

Táboa de ingresos

Procedencia (Entidade concedente)	Importe
Total ingresos	

Mesía, de de 2025

Asdo.: “

Mesía, 23 de setembro de 2025

Asdo. Mariano Iglesias Castro. Alcalde.